

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

7338 *Real decreto 881/2012, do 1 de xuño, de modificación da disposición adicional primeira do Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, sobre o calendario de implantación do réxime de ensino secundario obrigatorio.*

O artigo segundo da Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, recolle unha modificación do artigo 25 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cunha nova organización do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

A efectiva implantación desta previsión legal realizouse mediante o Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións. A disposición adicional primeira deste real decreto establece a implantación obrigatoria das novas ensinanzas a partir do curso 2012/2013, ben que se lles recoñece ás administracións educativas capacidade para anticiparen a súa implantación para o vixente curso 2011/2012.

De acordo co programa de Goberno enunciado no recente debate de investidura, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte propónse acometer unha revisión de toda a educación secundaria, a partir dun proceso de reflexión e debate profundos nos cales deberán participar activamente todos os sectores da comunidade educativa escolar e as administracións educativas. Calquera eventual reforma desta etapa educativa debería basearse nas conclusións compartidas que se tiren deste debate, como única forma de dotar o sistema educativo español da necesaria estabilidade normativa que precisa para ofrecer resultados á sociedade.

Neste contexto, a implantación a partir do próximo curso 2012-2013 das novidades que o Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, introduce na educación secundaria obrigatoria, anticipándose ao debate anunciado, podería contribuír a xerar unha desaconsellable situación de inseguridade xurídica e inestabilidade académica que é preciso evitar. Por iso, considérase conveniente diferir a cursos posteriores a aplicación daqueles aspectos do Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, cuxa implantación non resultaba obrigatoria no presente curso 2011-2012.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo.*

Modifícase o punto 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións, que queda redactado nos seguintes termos:

«A implantación do resto de modificacións incorporadas neste real decreto queda diferida ata o curso académico 2014-2015, sen prexuízo da aplicación das

modificacións que, con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, as administracións educativas poidan ter anticipado ao curso 2011-2012.»

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Habíltase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA